

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL CORDO BOULLOSA  
CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA  
DATA: MAIO 2020  
ÁREA: RELIXIÓN CATÓLICA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (RELIXIÓN 1º DE E.P.)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Valorar a creación e a vida.	Valora o coidado e o respecto pola natureza para unha vida mellor.
Entender a alegría da Pascua.	Sabe que a Pascua é festa e alegría.
Descubrir a axuda da familia neste illamento.	Recoñece e agradece a implicación e o esforzo da familia nesta PANDEMIA.
<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b> traballaranse todas as competencias clave de xeito globalizado.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (RELIXIÓN 2º DE E.P.)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Apreciar as actitudes de respecto e de axuda da súa familia neste illamento.	Agradece o coidado e a axuda da súa familia para ser máis feliz.
Saber que a Pascua é alegría para os cristiáns.	Entende que a Pascua é a gran festa cristiá.
Descubrir o valor da solidariedade e o servizo aos demais.	Identifica os valores de Xesús nas persoas solidarias e que traballan polos demais: médicos, policías...
<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b> traballaranse todas as competencias clave de xeito globalizado.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (RELIXIÓN 3º DE E.P.)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Saber que o próximo é calquera persoa necesitada á que os cristiáns deben axudar.	Identifica os valores da mensaxe de Xesús na labor dos médicos e voluntarios nesta PANDEMIA.
Entender a alegría da Pascua para os cristiáns.	Relaciona a Pascua con alegría, vida, festa...
Valorar e descubrir o servizo e a colaboración da familia neste illamento.	Agradece o coidado e a axuda da súa familia para ser máis feliz e responsable.
<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b> traballaranse todas as competencias clave de xeito globalizado.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (RELIXIÓN 4º DE E.P.)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e valorar O MANDAMENTO DO AMOR que Xesús nos ensinou como unha actitude positiva e de amor cara aos demais.	Valora O MANDAMENTO DO AMOR de Xesús coma unha actitude positiva e que dá froito.
Saber que a Pascua é alegría para os cristiáns.	Identifica a Pascua con alegría, luz, vida, festa e esperanza.
Descubrir e apreciar a colaboración e axuda da familia neste illamento.	Agradece o coidado e a axuda da súa familia para ser máis feliz e responsable.
<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b> traballaranse todas as competencias clave de xeito globalizado.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (RELIXIÓN 5º DE E.P.)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Entender o compromiso dos cristiáns coa problemática social que nos toca vivir. Teresa de Calcuta.	Admira aos cristiáns comprometidos coa realidade e coa problemática social que nos rodea.
Saber que a Pascua é alegría para os cristiáns.	Identifica a Pascua con alegría, luz, vida, festa e esperanza.
Descubrir e apreciar a colaboración e axuda da familia nesta PANDEMIA.	Agradece o coidado e a axuda da súa familia para ser máis feliz e responsable.
<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b> traballaranse todas as competencias clave de xeito globalizado.	

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (RELIXIÓN 6º DE E.P.)	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Entender o espírito solidario dos cristiáns.	Describe a solidariedade da Igrexa Católica e a misión que deben cumprir os cristiáns co mundo actual.
Saber que a Pascua é vida e alegría para os cristiáns.	Identifica a Pascua con alegría, luz, vida, festa e esperanza.
Descubrir como o amor ás familias, tradúcese na entrega e axuda a favos dos fillos e fillas.	Agradece o coidado e a axuda da súa familia para ser máis feliz e responsable.
<b>COMPETENCIAS CLAVE:</b> traballaranse todas as competencias clave de xeito globalizado.	

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedemento: A avaliación realizarase de xeito continuo.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Imaxes e gravacións de certos traballos do alumnado.</li> <li>• Observación da presentación do traballo e do esforzo realizado.</li> <li>• Seguimento semanal do traballo realizado por parte do alumnado.</li> <li>• Elaboración de pequenos traballos manuais.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	Para obter a cualificación final teranse en conta, principalmente, os resultados obtidos na primeira e na segunda avaliación. Ademais, todo o traballo realizado ao longo deste terceiro trimestre será valorado positivamente nas cualificacións finais.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades a realizar ao longo do terceiro trimestre serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades de reflexión sobre as vivencias e actitudes de solidariedade das persoas con valores cristiáns nesta situación.</li> <li>• Tarefas interdisciplinarias vinculadas, especialmente, coas diferentes conmemoracións.</li> <li>• Propostas de carácter lúdico para favorecer a relación social entre o alumnado.</li> <li>• Elaboración de traballos plásticos sobre a Pascua.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>O traballo no terceiro trimestre estará enfocado principalmente ao repaso, reforzo e recuperación tendo en conta a situación de cada alumna ou alumno, coa fin de non sobrecargas e sobrecargalos (valorándoo positivamente de cara á avaliación final). Para todo o alumnado procúrase unha metodoloxía interactiva na que se establece unha comunicación entre alumnado (familias) e o profesorado a través de diversas ferramentas: páxina web, correo electrónico, whastapp e Tokapp school. Para os casos sen conectividade, que son poucos, e algún caso no que por causa das profesións dos pais non poden ter contacto directo coa filla ou fillo, establecemos un día de entrega e recollida no centro do material para a semana correspondente. Ademais, para seguemento e correccións do alumnado sen conectividade emprégase tamén o teléfono, tanto o persoal do profesorado como o do centro (activado desvío de chamadas). Na metodoloxía e o deseño das actividades tense en conta que o entorno e a situación familiar xogan un papel fundamental. A distribución do tempo na casa en función das distintas situación familiares e de desenvolvemento do alumnado é un criterio fundamental á hora de deseñar as actividades.</p>

<b>Materiais e recursos</b>	<p>Os materiais e recursos empregados serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Cadernos e libros do alumnado.</li><li>• Contido audiovisual (páxinas web, blog, vídeos de Youtube....)</li><li>• Recursos informáticos (ordenador, móbil, tableta...)</li><li>• Recursos impresos.</li><li>• Libros de lectura.</li></ul>
-----------------------------	--



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ás familias das modificacións da programación do curso 2019-20 pola situación extraordinaria que esta a acontecer e enviaráselle, polos medios de contacto que estamos a utilizar, o enlace a páxina web do centro onde se publicará.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro con accesibilidade á comunidade educativa.